

Sucar no silencio

Erguíase de primeira. El marchaba á madeira. Ela vestía, revisaba bolsas, levaba á escola. Volvía. Atendía ao gando. Limpaba, pasaba o ferro, cosía. Facía o xantar. Coidaba á nai. Recibía, aloumiñaba, servía, recollía. Axudaba. E, entrementres, lía, observaba, pensaba e calaba. Avanzaba na vida e no tempo. Aprendía, renovábase, sentía.

Fíxose mestra, curandeira, contacontos. Apoio, reforzo, esteo. Viga da casa e da familia. Sen identidade de por si. *A muller de, a nai de*. Sen responsabilidades xurídicas ou financeiras e coa obriga de manter todo en pé. Sempre detrás dun gran home, gran veciño, gran socio, gran marido, gran pai.

Hoxe ubicamos a grandeza noutros criterios. Soubemos que ía por diante en moitas cousas: no vivir, na ansia, no pensar, na memoria, no querer. Para quen a viu camiñar por detrás e poñerse diante. Para nós, que foi, en voz de Celso Emilio: "remo i arado, proa e rella sempre".